

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 5 DE XUÑO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 5 de xuño de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a M^a Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, fai uso da palabra e di que conste en acta o pesar do Concello polo recente pasamento da nai da concelleira Nieves Rodríguez Voces.

De seguido procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 8 de maio de 2014.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 8 de maio de 2014 e non formulándose

ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á modificación do anexo de subvencións nominativas e do Plan estratéxico de subvencións do orzamento do exercicio 2014.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que unha vez que o Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras decide que quere facer a Feira do Viño no Barco, solicita unha colaboración económica deste Concello e evidentemente esta colaboración debe realizarse como unha subvención. Di o Alcalde que a modificación presupostaría para xerar o crédito para a subvención faise por modificación da Alcaldía sen ter que pasar polo Pleno, pero que como o Pleno aprobou no seu día o anexo de subvencións e como esta é unha nova subvención hai que modificar o citado anexo.

Dáse conta polo Alcalde do ditame da comisión informativa celebrada o día 30 de maio de 2014.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sr. Blanco Paradelo, quen di que queren sumarse ás palabras de pésame a súa compañeira e tamén queren ter unha lembranza para a familia que está pendente de que apareza no río Sil o corpo do pescador, que teñen a todos os veciños consternados e preocupados. Di o concelleiro que con respecto ao punto en si o seu Grupo vai a votar favorablemente sen reabrir ningún tipo de debate sobre a ubicación da Feira do Viño, pois ó final foi o Consello Regulador quen decidiu facer esta edición da Feira no Barco de Valdeorras e polo tanto todo o apoio para a súa celebración co desexo de que sexa un éxito dende o punto de vista cultural, turístico, de promoción etc., e que sirva como impulso para os viticultores e para os adegueiros, axudando a que tamén durante uns días se fale de Valdeorras, do Barco e do viño, aínda que xa onte ou antonte se fixo a presentación da Feira na Coruña. Remata o sr. Blanco dicindo que non sabe si o Alcalde ten o orzamento total, que tampouco saben canto representan os 10.000€ do orzamento total, e pide que se lle informe nunha Comisión convocada antes da celebración da Feira do Viño.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde que di que se alegra de que haxa unanimidade neste tema e que non ten coñecemento de cáles van ser os custos nin cando os vai a ter pois a Feira organízaa o Consello Regulador.

Di que haberá unha comisión informativa probablemente con posterioridade á celebración da Feira, pois son os membros do Consello Regulador os que están a facer a programación, e que si sae ben e o ano que ven segue a facerse no Barco dende o Concello tentárase aportar ideas para a vindeira Feira.

Concédeselle o uso da palabra ao sr. Blanco que consideran que é importante saber cál é a porcentaxe de colaboración ou de axuda ou de implicación que ten o Concello do Barco, pois non é o mesmo 10.000€ sobre 30.000 ou 40.000 ou 50.000€, e que ademais sempre tamén haberá algún tipo de colaboración.

Di o sr. Alcalde que loxicamente se compromete a, cando teña todos os datos, dar conta na primeira Comisión que se celebre, probablemente na de Obras e Medio Rural que polo menos cada 15 días se celebra unha.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar o anexo de subvencións nominativas do orzamento e o plan estratéxico de subvencións do exercicio 2014, engadindo a subvención de 10.000,00 € para a entidade Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras, do seguinte xeito:

A) No “Anexo I” do orzamento para o 2014, denominado “relación nominal de subvencións, donativos e axudas”, modifícase o punto 2º, que queda redactado do seguinte xeito:

“2º Con cargo á aplicación 2014 – 439/489.00, que conta cun crédito global de 11.400,00 €, aboaranse as seguintes achegas:

Consortio Turístico de Valdeorras polo importe de 1.000,00 €.

Asociación Rutas do Viño polo importe de 400,00 €.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras polo importe de 10.000,00 €.

As subvencións con cargo ao grupo de programa 439 pretenden fomentar o turismo no concello a través de entidades cuxos obxectivos se atopen dirixidos a tal fin”.

B) No “Plan estratéxico de subvencións” do orzamento para o 2014, modifícase o importe total que figura no cadro de subvencións,

que agora será de 430.302,36 €, e engádese a seguinte liña ao devandito cadro:

439-48900	Turismo	Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras	F	Artigo 25.2.h) da Lei 7/82, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local	Achega ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras, para a organización da Feira do Viño 2014	10.000,00	R.O.
-----------	---------	--	---	---	---	-----------	------

SEGUNDO.- Expoñer ao público esta modificación, por prazo de quince días hábiles, con anuncio no taboleiro de edictos e no BOP (artigo 169.1 TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes e, se non houbera, considerarase definitivamente aprobado o expediente, debendo procederse en ambos os dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva, así como á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3 TRLRFL.

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a bonificación no ICIO solicitada por D^a Gemma Núñez Docampo.

O sr. Alcalde dá conta do ditame de 30 de maio de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de rehabilitación de vivenda tradicional no Castro que ten unha bonificación do 95%.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico - artístico e cultural, por tratarse dunha obra incluída no PEP-1 de O Castro, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a bonificación no ICIO solicitada por D. Cesáreo González Valcarce.

Di o sr Alcalde que se solicita a bonificación para unhas obras na zona de expansión de Veigamuíños e que o ditame, do que dá conta, foi adoptado por unanimidade da Comisión de data 30 de maio de 2014, é desfavorable á concesión ao igual que o informe do técnico municipal, non porque non se puidera conceder no seu momento, senón porque é unha obra que se comezou sen licenza, déuselle orde de paralización e despois pediu a licenza e solicitou a bonificación, e a ordenanza explicitamente di que non se concederán bonificacións do ICIO a obras iniciadas ou rematadas sen licenza municipal outorgada de forma expresa e sen a presentación da comunicación previa ou da declaración responsable, segundo proceda, con anterioridade ao inicio das obras.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo que di que o seu Grupo vai manter a unidade no voto pero que debe servir de reflexión e de autocrítica dende o Concello, pois ás veces de boa vontade se lle di a xente que vaia empezando a obra solicitada e despois pode crear confusión, é dicir, que el non vai negar que nese senso sempre houbo boa vontade pero poden xurdir algúns tipos de inconvincentes que levan a malas interpretacións, aínda que lle consta que no presente caso había boa vontade total de facer a solicitude de licenza.

Di o sr Alcalde que está de acordo co que di o sr. Blanco, pois é absurdo que alguén non pida licenza cando se lle vai a bonificar no ICIO o 95%. Di que o Concello o único que se pretende é que a xente solicite a licenza e se regularice, pero que neste caso, que pode deberse ao descoñecemento dos promotores, pois se houbera pasado polo departamento de Obras houbéraselle informado da petición de bonificación.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: a non declaración da obra descrita nos antecedentes, de interese social, histórico - artístico ou cultural en orde á posterior proposta da concesión da bonificación na cota do ICIO, por tratarse dunha obra xa iniciada, non procedendo a concesión de bonificacións do ICIO en aplicación do artigo 6.4. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a improcedencia da bonificación no ICIO solicitada.

5º Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá relativo á adxudicación do contrato de xestión do servizo público de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos en vía pública no Concello do Barco de Valdeorras.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sr. Blanco Paradelo, quen di que por unha cuestión de orde o seu Grupo vai a ausentarse do debate neste punto como levan facendo cando se celebran as comisións sobre este tema, pois é un debate, o da ORA, que cre que xa se debateu demasiado e agora é o momento de que fale quen ten que falar. Di que con todo o respecto vanse a ausentar no debate e despois volverán a entrar pois tampouco queren que conste nin votación nin abstención nin a favor nin en contra, que evidentemente o seu Grupo vai a ausentarse do debate e volverán a entrar no salón cando remate o punto.

Nestes momentos auséntanse da sesión todos concelleiros do Grupo Municipal do PP.

Di o sr. Alcalde que o que ten que falar é el, que para iso é o Alcalde, e vai falar evidentemente. Di que o voceiro do PP ten algo de razón pois a verdade é que este tema xa se ten debatido moitísimo, e de seguido da lectura ó ditame da Comisión de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá de data 30 de maio de 2014. Di o Alcalde que este é un expediente que se fixo con total e absoluta transparencia, da que non quixeron evidentemente participar os membros do PP que tiñan dereito a facelo na mesa de contratación e decidiron nun momento determinado ausentarse, que houbo dúas Comisións de Persoal onde se ditaminou este asunto e se deu toda clase de información, estando o expediente a disposición de todos os membros da Corporación e hoxe váiselle a poñer o remate ao proceso e iso é o que se vai a facer a continuación.

Non producíndose debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo), un en contra (do concellerio sr Sierra Nieves) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e o Pleno acorda:

1º Declarar a validez do actuado e adjudicar o contrato de “de xestión do servizo público de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos en vía pública no Concello do Barco de Valdeorras” (expediente de contratación aprobado polo Pleno en sesión de 7 denovembro de 2013) DORNIER S.A. C.I.F. A58369497, que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, de acordo cos criterios de adjudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas para os que cada un dos licitadores obtivo a seguinte puntuación:

ORDE DO LICITADOR	LICITADOR	PUNTUACIÓN					TOTAL
		CANON	ESTUDO ECO-FIN	PROX. XESTIÓN	MELLORAS		
GRÚA	POLICÍA						
1º	DORNIER S.A. C.I.F. A58369497	60	6,25	10	6	8	90,25
2º	ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. A28385458	16,5	1,75	2	8	5	33,25

A motivación da puntuación outorgada aos licitadores respecto dos criterios non suxeitos a xuízo de valor atópase na mera aplicación das fórmulas matemáticas que se establecen no prego administrativo.

A motivación da puntuación outorgada aos licitadores respecto dos criterios suxeitos a xuízo de valor atópase nos informes seguintes, que foron asumidos, no seu día, pola mesa de contratación:

a) Informe do arquitecto municipal de data de 25 de febreiro de 2014:

“

Peticionario	MESA DE CONTRATACIÓN 04/02/2014
Fecha	-
Procedimiento	CONTRATACIÓN ORA 2014 : GESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN DEL SERVICIO PÚBLICO DE ORDENACIÓN Y REGULACIÓN DE APARCAMIENTO DE VEHÍCULOS EN VIA PÚBLICA Y GRUA MUNICIPAL
Solicitud	INFORME-PROPUESTA DE VALORACIÓN SOBRE B (PROPUESTA TÉCNICA)

ANTECEDENTES

Estando en tramitación el procedimiento de contratación indicado se solicita por la Mesa de Contratación la valoración del sobre B de las 2 empresas presentadas:

- **DORNIER S.A.** (entregado Sobre B)
- **EYSA** (Estacionamientos y Servicios S.A.U.) (entregado Sobre B)

INFORME

A priori se indica que el técnico que valora NO es experto en la materia, por lo que la forma de evaluación que se aplica es **valoración comparativa** entre las únicas dos ofertas presentadas. Así mismo se recomienda la revisión del sobre B por otros técnicos municipales más específicos en la materia.

A) ESTUDIO ECONÓMICO FINANCIERO

Por tratarse de una parte de componente específico económico se solicita su revisión por los **servicios económicos municipales**; indicando algunas notas aclaratorias al respecto:

DORNIER hace una propuesta **económicamente alta**, tanto en ingresos como en gastos, y con un desglose en la ficha B bien estructurado. No obstante, basa los ingresos en un estudio de ocupación del 31% en 2013, lo que no concuerda con el 27% de los últimos 2 años.

Por el contrario **EYSA** concuerda en ingresos con el Anteproyecto y baja en gastos (amortización y generales); no obstante el desglose del estudio económico es **prácticamente nulo** puesto se que ha cubierto la ficha con porcentajes en vez de datos reales.

B) PROYECTO DE GESTIÓN

Del **análisis comparativo** de ambas propuestas se verifica que **DORNIER** conoce la zona y presenta una planificación clara y minuciosa de la implantación del servicio, tanto de la implantación del sistema como de la futura imagen de cara al usuario. Con respecto a **EYSA** los planos están muy poco definidos y no hay grado de detalle en el proyecto que clarifique su puesta en marcha.

C1) MEJORAS GRUA

DORNIER ofrece un vehículo grúa de mayor potencia y capacidad que el actual, matriculado en el 2001 y equipado con diversos accesorios complementarios, aportando una ficha técnica detallada.

EYSA también aporta un vehículo matriculado después del 2008, con mayor capacidad que el actual y con equipamiento diverso. Además aporta 18 cepos para coches, camiones y motocicletas; y un remolque porta-motos.

C2) SISTEMAS INFORMÁTICOS

DORNIER aporta **5 PDA's** para utilización por la Policía local, también incluye una impresora térmica portátil; todo ello coordinado con la gestión web de los agentes de movilidad. También reutilizan 4 expendedores para gestión de plazas de carga y descarga en zonas muy activas.

EYSA propone un sistema de gestión de retirada de vehículos, para su coordinación con la Policía Local, y la aplicación de "Denuncias" con **10 PDA's** para la coordinación con la Policía Local. El resto de mejoras no se consideran puntuables según los pliegos.

CONCLUSIÓN

En base a todo ello, los criterios que dependen de un juicio de valor dentro del sobre B se evalúan con la siguiente puntuación provisional a la espera del estudio económico definitivo:

DORNIER	EYSA	
A	Estudio Económico-Financiero:	<10 puntos
B	Proyecto de Gestión:	<10 puntos
10	2	
C.1	Mejoras en el servicios de la Grúa:	<10 puntos
6	8	
C.2	Mejoras coordinación con Policía:	<10 puntos
8	5	

TOTAL puntuación sobre B (máximo 40 puntos): (Pendiente valoración Estudio Económico)

El presente informe se ha realizado con criterio de **optimización** de recursos, que permitan avanzar en la tramitación del servicio; efectuando una puntuación rápida y ágil; sin descartar la revisión más concisa por otros miembros de la mesa de contratación que puedan tener una visión más crítica por su conocimiento específico de las materia a evaluar.

Además se reitera la necesidad de efectuar un seguimiento económico intenso de este tipo de concesiones, que funcionan bien técnicamente pero cuya variabilidad de ingresos afecta directamente a las arcas municipales.

O Barco de Valdeorras, a 25 de febrero del 2014
El Arquitecto Municipal

D. Jorge Rodríguez Fernández”

b) informe do interventor municipal de data de 16 de abril de 2014:

“INFORME TÉCNICO DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

ASUNTO: VALORACIÓN DOS ESTUDOS ECONÓMICO – FINANCEIROS PRESENTADOS POLOS LICITADORES NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA XESTIÓN INDIRECTA, MEDIANTE CONCESIÓN, DO SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DE APARCAMENTO DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA (O.R.A.) E GRÚA MUNICIPAL, NO BARCO DE VALDEORRAS

Antecedentes

O presente informe emítase en atención á providencia da Alcaldía de data 07 de abril de 2014, solicitando un informe técnico dos servizos económicos, neste caso da Intervención municipal, en orde á valoración dos estudos económico financeiros presentados polos licitadores no amentado procedemento.

Unha vez expostos os antecedentes, o que subscribe deixa constancia do seu desacordo coa inclusión nos pregos de cláusulas administrativas particulares, como criterio de adxudicación cuxa apreciación depende dun xuízo de valor, nos termos en que aparece previsto no pregos, do denominado “Estudo económico – financeiro”, tal e como xa se manifestou no informe de fiscalización previa á aprobación do expediente de 06 de novembro de 2013 (*“Respecto dos criterios que dependen dun xuízo de valor: Estudo económico financeiro: podería reconducirse a cifras ou porcentaxes de valoración obxectiva, tomando o estudo económico do anteproxecto de explotación do expediente como referencia”*).

Informe

Con carácter previo á valoración, procederei á expoñer brevemente os estudos económico – financeiros propostos polos licitadores:

DORNIER

Polo que respecta aos ingresos, apréciase un erro de cálculo nos correspondentes á “ocupación pagada”, constando na proposta 136.403 €, en lugar do importe correcto de 136.344 €, resultantes de multiplicar a tarifa sen

IVE de 0,456 por 299.000 horas de ocupación anuais. Incorpora dúas follas anexas con información xustificativa dos datos de ingresos (recadación e ocupación real).

Tal e como esixen os pregos, o estudo económico – financeiro non incorpora os datos correspondentes ao beneficio industrial, o canon municipal e o custe total do servizo.

En relación aos gastos:

Apréciase que os gastos de persoal son superiores aos contemplados no anteproxecto de explotación (65.948,00 € en lugar de 62.303,00 €), como consecuencia da inclusión nos mesmos do custe estimado de horas extraordinarias.

Unha correcta xustificación dos gastos debería recoller unha exposición por escrito das variacións existentes á alza ou á baixa na proposta, respecto das recollidas no anteproxecto de explotación. No estudo de DORNIER apréciase variacións nos gastos correntes (importes unitarios e totais), sen que conste unha explicación das circunstancias que os motivan. Doutra banda, a desagregación dos gastos de investimento permite un mellor análise das variacións introducidas respecto do anteproxecto, aínda que sen a debida explicación que complementa os datos numéricos. Cunha extensión máxima de 50 follas, o estudo económico debería conter toda a información literal necesaria para fundamentar os datos numéricos incorporados á ficha B.

Polo que respecta á amortización anual e aos gastos financeiros, non se especifica cal é a Taxa Anual Equivalente (TAE) utilizada como tipo de xuro para o cálculo destes gastos, aínda que esta pode calcularse á vista dos gastos financeiros e de amortización. O TAE utilizado é do 11%, porén considerase un tipo moi elevado, sen que se explique a utilización do mesmo.

Os gastos xerais do 10% sitúanse dentro do límite establecido ao efecto no anteproxecto do servizo.

EYSA

Coa única excepción dos ingresos e dos gastos de persoal, o licitador EYSA cumprimenta incorrectamente a ficha modelo B, dado que expresa en porcentaxes datos que deberían expresarse dun xeito numérico, non permitindo, na maioría dos casos, calcular os importes omitidos en base a outros datos contidos no estudo. O estudo económico – financeiro do amentado licitador omite as unidades e os importes unitarios que dan lugar aos gastos correntes e aos gastos de investimento, non especificando os gastos financeiros (aínda que si un TAE do 3,5%), nin os gastos de amortización anual. O “modelo oferta” que se incorpora como anexo aparece expresado en porcentaxes, que non complementan a información numérica da ficha B, nin permiten deducir ou calcular todos os importes omitidos nesta.

Doutra banda, non contempla os importes totais de gastos, especificando unicamente a porcentaxe que estes representan sobre un custe total que tampouco está determinado, nin é determinable, dado que o beneficio industrial e o canon municipal son datos que só poderán expresarse na documentación incluída no sobre C “Documentación económica”.

A porcentaxe de gastos xerais do 2,44% sitúase dentro do límite do 10% definido no anteproxecto de explotación.

Aínda que a partir da porcentaxe dos gastos de persoal (62.303,00 €) é posible calcular o importe dos gastos correntes (15.927,08 €), dos gastos de amortización (28.052,15 €, cun TAE do 3,5%) e dos gastos xerais (2.658,15 €),

procede penalizar pola omisión de datos considerados esenciais no anteproxecto de explotación do servizo, e asemade, como consecuencia da falta de definición dos gastos nos que se desagregan os amentados totais, e a indebida xustificación dos mesmos.

En conclusión, o estudo económico – financeiro do licitador EYSA, ao non cumprimentarse de acordo co establecido no anteproxecto de explotación do servizo incorporado aos pregos, está incompleto e non permite un análise integral dos ingresos e dos gastos, nin un análise comparativo co anteproxecto de explotación e co estudo económico - financeiro do outro licitador.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes expostos, do feito de que o “Estudo económico – financeiro” sexa un criterio dependente dun xuízo de valor para a súa apreciación, e da reticencia exposta polo que subscribe a que así se previra nos pregos, procedo a fixar unha serie de subcriterios obxectivos (e irremediamente tamén subxectivos) en orde á posterior atribución de puntos, tal e como recomendei no informe de fiscalización previa á fase A de aprobación do expediente de contratación:

- Estudo económico – financeiro elaborado segundo a estrutura do anteproxecto de explotación do servizo (5 puntos):

- Penalización por erros e/ou omisións de datos numéricos (0,5 puntos de penalización por omisións en cadanseus 10 apartados a cumprimentar na ficha B – ingresos, gastos de persoal, gastos xerais, catro apartados de gastos correntes, investimentos básicos, gastos financeiros e amortización anual -, e 0,25 puntos de penalización por erros aritméticos nas cifras en que se expresen os anteditos apartados).

- Claridade e amplitude da explicación literal da información expresada en números, coa debida expresión das circunstancias que motivan variacións económicas respecto dos datos contidos no anteproxecto de explotación, e dos datos e normas das que se obteñen os datos:

- Definición dos gastos de persoal, coa correspondente desagregación por posto e conceptos salariais e sociais, e con indicación do convenio colectivo en vigor aplicable (1,25 puntos).

- Definición dos gastos correntes, coa correspondente exposición da incidencia dos mesmos no normal desenvolvemento do servizo (1,25 puntos).

- Definición dos gastos de amortización e dos gastos financeiros, con indicación do TAE utilizado, e do procedemento seguido para obtelos (1,25 puntos).

- Definición dos ingresos, cunha exposición dos elementos considerados para o seu cálculo, tales como tipos de ocupación, horas anuais de ocupación, anulacións e servizo de grúa, cunha suficiente explicación dos métodos e das fontes de información utilizadas para a súa determinación e cálculo (1,25 puntos).

Conforme a estes parámetros, as puntuacións obtidas polos estudos económico – financeiros dos licitadores son as seguintes:

DORNIER

- Estudo económico – financeiro elaborado segundo a estrutura do anteproxecto de explotación do servizo (5 puntos):

- Penalización por erros e/ou omisións de datos numéricos (0,5 puntos de penalización por omisións en cadanseus 10 apartados a cumprimentar na ficha

B – ingresos, gastos de persoal, gastos xerais, catro apartados de gastos correntes, investimentos básicos, gastos financeiros e amortización anual -, e 0,25 puntos de penalización por erros aritméticos nas cifras en que se expresen os anteditos apartados): o licitador cumprimentou os dez apartados previstos na ficha B, no entanto o correspondente aos gastos financeiros está incompleto, por non contemplar o TAE; aínda que pode deducirse que o TAE é do 11%, a omisión motiva unha penalización de 0,25 puntos.

Aprécianse os seguintes erros:

○ O importe dos ingresos por ocupación pagada é erróneo, contemplándose 136.403 €, en lugar de 136.344 €; porén, o erro considérase irrelevante, non implicando penalización.

Puntuación: 4,75 puntos.

• Claridade e amplitude da explicación literal da información expresada en números, coa debida expresión das circunstancias que motivan variacións económicas respecto dos datos contidos no anteproxecto de explotación, e dos datos e normas das que se obteñen os datos:

• Definición dos gastos de persoal, coa correspondente desagregación por posto e conceptos salariais e sociais, e con indicación do convenio colectivo en vigor aplicable (1,25 puntos); o estudo non especifica o convenio colectivo aplicable, non incorpora unha desagregación por conceptos salariais, e unicamente xustifica uns gastos superiores aos previstos no anteproxecto de explotación, na inclusión do custe estimado de horas extraordinarias, sen máis explicación. **Puntuación: 0,50 puntos.**

• Definición dos gastos correntes, coa correspondente exposición da incidencia dos mesmos no normal desenvolvemento do servizo (1,25 puntos); o estudo especifica os gastos correntes, mantendo a estrutura do anteproxecto de explotación, pero introducindo variacións en unidades e importes unitarios respecto daquel, sen fundamentar estas variacións. **Puntuación: 0,25 puntos.**

• Definición dos gastos de amortización e dos gastos financeiros, con indicación do TAE utilizado, e do procedemento seguido para obtelos (1,25 puntos): o estudo non contempla o TAE utilizado, aínda que pode calcularse no 11%, sen que exista ningunha explicación para a utilización no estudo dun tipo de xuro que supera en seis puntos porcentuais e medio o recollido no anteproxecto de explotación. **Puntuación: 0,00 puntos.**

• Definición dos ingresos, cunha exposición dos elementos considerados para o seu cálculo, tales como tipos de ocupación, horas anuais de ocupación, anulacións e servizo de grúa, cunha suficiente explicación dos métodos e das fontes de información utilizadas para a súa determinación e cálculo (1,25 puntos); o estudo incorpora dúas follas anexas nas que se xustifican os ingresos, baseándose nas cifras de ocupación real e recadación nos últimos anos, nos que o licitador foi o concesionario do servizo municipal. Aínda que ten valor xustificativo dos datos numéricos de ingresos, podería ser un análise máis amplo e pormenorizado, especialmente no que as estimacións de mellora da ocupación media futura atinxe. **Puntuación: 0,75 puntos.**

Puntuación total do licitador DORNIER: 6,25 puntos.

EYSA

• Estudo económico – financeiro elaborado segundo a estrutura do anteproxecto de explotación do servizo (5 puntos):

• Penalización por erros e/ou omisións de datos numéricos (0,5 puntos de penalización por omisións en cadanseus 10 apartados a cumprimentar na ficha

B – ingresos, gastos de persoal, gastos xerais, catro apartados de gastos correntes, investimentos básicos, gastos financeiros e amortización anual -, e 0,25 puntos de penalización por erros aritméticos nas cifras en que se expresen os anteditos apartados): non se cumprimentaron oito dos dez apartados previstos na ficha B, aínda que tres dos omitidos poden deducirse en base aos restantes datos subministrados, o que implica unha penalización total de 3,25 puntos (0,5 puntos por cinco omisións, e 0,25 puntos por tres omisións deducibles, aínda que carentes de información acerca dos datos nos que se desagregan). Non se apreciaron erros de importancia nas cifras dos apartados cumprimentados, non penalizándose por este motivo (o único erro detectado importa 3 €, nos ingresos de anulación sen ticket). **Puntuación: 1,75 puntos.**

- Claridade e amplitude da explicación literal da información expresada en números, coa debida expresión das circunstancias que motivan variacións económicas respecto dos datos contidos no anteproxecto de explotación, e dos datos e normas das que se obteñen os datos:

- Definición dos gastos de persoal, coa correspondente desagregación por posto e conceptos salariais e sociais, e con indicación do convenio colectivo en vigor aplicable (1,25 puntos); o estudo non especifica o convenio colectivo aplicable, limitándose a reproducir os datos recollidos no anteproxecto de explotación, sen unha desagregación por conceptos salariais e sociais. **Puntuación: 0,00 puntos.**

- Definición dos gastos correntes, coa correspondente exposición da incidencia dos mesmos no normal desenvolvemento do servizo (1,25 puntos); o estudo non especifica os gastos correntes, mantendo a estrutura do anteproxecto de explotación, pero sen definir unidades, importes unitarios ou totais, e limitándose a expresar a porcentaxe que cadanseus gastos representan no conxunto de cada apartado de gastos correntes. **Puntuación: 0,00 puntos.**

- Definición dos gastos de amortización e dos gastos financeiros, con indicación do TAE utilizado, e do procedemento seguido para obtelos (1,25 puntos): o estudo non especifica os gastos de investimento, mantendo a estrutura do anteproxecto de explotación, pero sen definir unidades, importe unitarios ou totais, e limitándose a expresar a porcentaxe que cadanseus gastos representan no conxunto de cada apartado de gastos por investimentos básicos. Asemade, non contempla gastos financeiros nin gastos de amortización anual (só recolle un TAE do 3,5%). **Puntuación: 0,00 puntos.**

- Definición dos ingresos, cunha exposición dos elementos considerados para o seu cálculo, tales como tipos de ocupación, horas anuais de ocupación, anulacións e servizo de grúa, cunha suficiente explicación dos métodos e das fontes de información utilizadas para a súa determinación e cálculo (1,25 puntos); a exposición dos ingresos numéricos recollida no "modelo oferta" incorporado como anexo realizase, tamén, dun xeito numérico, sen que aporte información útil que complementa o estudo, e que facilite ao que subscribe coñecer os cálculos, datos e estimacións realizadas para incluír estes ingresos no estudo. **Puntuación: 0,00 puntos.**

Puntuación total do licitador EYSA: 1,75 puntos.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido o presente, no Barco de Valdeorras a 16 de abril de 2014.

O INTERVENTOR

Asdo.: José Manuel Muñoz Domínguez”

2º Esta adxudicación supón a adopción da fase de compromiso ou disposición dende o punto de vista presupostario.

3º Notificar ao adxudicatario do contrato e citalo para que concorra á formalización do contrato que terá lugar dentro dos quince días hábiles dende a recepción da notificación deste acordo polo adxudicatario. Os datos da dita formalización, que incluírán cando menos os datos do anuncio de adxudicación, publicaranse no perfil de contratante desta Administración e no B.O.P. de Ourense.

4º Publicar a adxudicación deste contrato no Perfil de contratante.

5º Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Reincorpóranse á sesión os concelleiros do Grupo Municipal do PP.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que dentro deste punto presentouse unha moción polo BNG *para superar o modelo institucional do estado español e recoñecer o dereito a decidir*, que pola parte do Grupo Socialista non hai inconvenientes en que se debata como con todas pois case nunca se negou o debate dunha moción.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ao voceiro do BNG, sr Sierra Nieves, quen di que quere facer constar o pesar do seu Grupo polo pasamento da nai da compañeira Nieves Rodríguez, e de seguido dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Moción para superar o modelo institucional do Estado español e recoñecer o dereito a decidir

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime “vitalicio” e “hereditario” establecido “pola graza de Deus” e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simple mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso constituínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político.

Nos últimos anos assistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza de decidir sobre si propia, sobre os seus sectores produtivos, sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.”

Fai uso da palabra o voceiro do PP, sr. Blanco Paradelo que di que non lle sorprende a Moción pois de feito estaba sorprendido de que non se presentara. Di o concelleiro que quere expresar o seu respecto e o do seu Grupo ás persoas que poidan entender o modelo de estado de xeito diferente, xa sexa a través dunha monarquía parlamentaria ou dunha república, pero sempre dende a democracia, dende a liberdade que é como se está a vivir actualmente, que independentemente de maiores afinidades ou non é xusto recoñecer o traballo do xefe do estado, do rei Juan Carlos durante estes últimos 39 anos, pois hai que lembrar que evidentemente chegou ó poder de mans do xeneral Franco, que foi quen o nomeou sucesor, pero en canto chegou ó poder renunciou ás súas prerrogativas e funcións en favor da democracia, o que foi recoñecido por todas as forzas políticas ou

pola inmensa maioría, e iso trouxo para España a maior etapa de estabilidade, liberdade, respecto e progreso. Prosegue falando o concelleiro dicindo que a monarquía parlamentaria foi referendada por todos os españois e españolas o 6 de decembro de 1978, onde figuraba ese modelo de estado, que se vai votar nos próximos días nas cortes xerais polos partidos elixidos democraticamente é a Lei de Sucesión, non é decidir si se opta por República ou Monarquía, e que si se ten que facer algunha modificación da Constitución que poida traer consigo outro modelo de estado hai que facelo a través dos propios mecanismos que ten a Constitución española. Remata o sr. Blanco dicindo que o seu Grupo non vai a apoiar a Moción, respectando a liberdade de opinión, de criterio e dos distintos modelos de estado que poidan existir.

Di o sr. Alcalde que o que si estaba previsto que se presentara nos Plenos, porque así se fixo e dixo, era unha moción para cuestionar a monarquía, é dicir, si monarquía ou república, e que aquí o acordo que se plantexa é a autodeterminación dos pobos, que non so se está a falar de monarquía ou república senón que se está a falar doutras cuestións. Di que agora parece que aquela transición está denostada e en boca de todos, parece que non se fixo nada ben neses case 40 anos, e que el cre que se fixeron moitas cousas ben e de feito España viviu o período máis grande de estabilidade política e de crecemento económico e progreso que tivo ao longo de toda a súa historia, que loxicamente se cometeron erros como por exemplo co modelo territorial pois era claro que ó final deuse *café para todos* cando había tres comunidades autónomas que estaban por riba das demais, pois eran as que tiñan lingua propia, Galicia, País Vasco e Cataluña, e habería que ter establecido esta diferenciación, pero que en calquera caso funcionou durante trinta anos e que pensa que chegou o momento de falar da forma política do Estado, que ás veces dá a impresión de que temos medo a falar dos problemas, pero falar significa reflexionar e darlle tempo ao tempo, facendo as cousas con prudencia para non cometer erros irreparables, e que agora preténdese cambiar a forma política do Estado pasando de monarquía a república en 16 días, dende a abdicación do rei, o día 2, ata a súa proclamación o día 18. Di que a propia Constitución ten mecanismos para cambiala e que loxicamente este debate vai a seguir e que desexa que se faga e se fale de todo o que se teña que falar pero sen poñer en risco o que se conseguiu, e que nas eleccións xerais, que é o procedemento, que cada partido leve no seu programa a reforma da Constitución e que sexan os cidadáns os que co seu voto decidan nas Cortes se hai maioría suficiente para proceder a reformar a Constitución ou non. Di que el está convencido de que neste país hai unha maioría sociolóxica republicana, aínda que nun momento determinado que tocou vivir moita xente aceptou a monarquía

como un modelo que permitiu saír do pozo no que estaba España, e para apoiar o dito o sr. Alcalde di que quere citar unha frase que o sr. Santiago Carrillo dixo naquela época ao Rei e que é a seguinte: “si usted respeta la democracia yo le respetaré a usted y respetaré la monarquía”. Remata dicindo o sr. Alcalde que haberá que debater sobre a monarquía e decidir sobre o que queira o conxunto da sociedade, e sobre qué modelo de república queremos, se é o caso, pero que en 16 días é inviable, polo que aínda sendo conveniente o debate hai que tomar un tempo necesario para facelo e que o seu Grupo non vai a apoiar a moción.

Fai uso da palabra o concelleiro sr. Sierra Nieves que di que para el non lle vale calquera república que a que solicita o BNG é a república galega, que non van enarborando a bandeira española e republicana como se pode observar cada vez que saen á rúa. Di que segundo o Alcalde a monarquía respondeu, pero podería responder doutros moitos xeitos, pois hai antecedentes en países onde realmente a monarquía está aceptada pola maior parte da poboación e o modelo de estado está totalmente asentado dende hai centos de anos, como no Reino Unido, e cando a raíña vai a Escocia exerce de raíña de Escocia, cando a familia real española nunca exerceu o título que ten de reis de Galiza, que si o houbera exercido outro galo cantaríase hoxe. Di o concelleiro que parte da dereita non é monárquica polo que non se ten que falar solo da extrema esquerda, e ademais que os millóns de persoas que se manifestaron en todas as prazas e vilas deste país e do conxunto do estado é cidadanía non ten porqué ser de extrema esquerda nin radicais como di o PP. Di que tanto o PP como o PSOE poden cambiar a Constitución se queren, pero solo o fan cando lle interesa a eles, incluso afogando a toda a cidadanía e favorecendo á banca, que tanto un partido como outro ultimamente se enchen a boca apelando á democracia, á liberdade e á Constitución. Prosegue dicindo o concelleiro que o sistema monárquico é un sistema decimonónico e machista, decidido polo establishment non pola cidadanía e favorecido por un ditador e asasino, e que para nada a transición foi un momento de liberdade pois foi imposto e sen ningún referendo e ademais sen ter xulgado a todos os ministros que despois seguiron gobernando moitas institucións. Di que a monarquía será recoñecida por dúas forzas políticas, non por unha maioría delas como di o sr. Blanco, que vista a baixada que tiveron nas eleccións europeas ese sistema bipartidista está en quebra, e que lle fai moita gracia ás voltas que dá na súa intervención o voceiro do PP para non condenar o franquismo e todos os asasinatos que se cometeron nesa escura época, e que de momento o PP nunca condenou ese sistema. Di o concelleiro que quere tamén facer unha corrección e é que a Lei orgánica que se está a facer non é de sucesión senón que é de abdicación, que non é o mesmo, que a sucesión está prevista

nesa Constitución que todo o establishment do país, igrexa incluída, se inventaron e a abdicación non está prevista por iso hai que sacar unha lei orgánica. Di que millóns de persoas se manifestaron, e na prensa internacional todos os titulares das mobilizacións superaron a ese titular da abdicación pois foron manifestacións moi grandes en todas as cidades. Di que o PP non ten unha diferente concepción do estado senón que ten medo a falar de federalismo e apelan ao constitucionalismo e ten que dicir que a propia Constitución fala das nacións históricas non das comunidades. Di o sr. Sierra que ao Alcalde, como ó PSOE, cústalle moito mollarse neste tema, que pode que sexa que ten a pintura do rei enriba na cabeceira do salón de actos e ó mellor lle dá un pouco de respecto, que dende o franquismo ata esta última época, co modelo actual, vívese como nun país colonizado, desgaleguizando cada vez máis, espoliando os nosos recursos dende Madrid e sen dereito a decidir nada que teña que ver cun modelo diferente ao que pon a Carta Magna. Remata dicindo o sr. Sierra que 16 días non é pouco tempo, que menos tempo levou o xuramento que fixo o rei ante Deus e os evanxeos e para facer cumprir as leis do movemento nacional.

Di o sr. Blanco Paradelo que dentro da normalidade e do respecto do debate, o sistema da república non cre que sexa a solución, que non sabe si afectará positiva ou negativamente, que nestes intres a maior parte dos partidos políticos e as institucións públicas están apoiando para poder saír da crise, que iso é o verdadeiramente importante e o que preocupa a todos os cidadáns. Di que si o 90% dos deputados que están nas cortes xerais, elixidos libre e democraticamente polo pobo, apoian a continuidade nestes intres deste sistema de estado, pensa que é a maioría e que o seu Grupo respecta ese 10% que representan outras forzas políticas, e que tamén segundo as enquisas publicadas a maioría do pobo español de momento apoia á monarquía e ó rei Xoan Carlos, que hai que ser xustos e por dúas ou tres anécdotas que pasaron nos últimos tempos non se pode xulgar o traballo e a traxectoria deses 39 anos, pois sen esa figura importante do rei ó mellor o 23-F houbera sido doutra maneira. Di o concelleiro que está ben que diga que hai menos apoios o representante dun partido que pasou de ser a segunda forza política en Galicia a ser a quinta, que en relación coa condena do franquismo pois si o quere escoitar el o condena nestes momentos e que no Parlamento galego xa se condenou varias veces, que non hai medo a que o pobo fale que o que lle dá medo é que as minorías que perden nas urnas queiran impoñerse ás maiorías que gañan nas urnas. Di que quere rematar co que dixo no seu día Adolfo Suárez de que *o mais complicado foi tratar de convencer a aqueles procuradores do bunker franquista que votaran pola reforma de leis para poder chegar á monarquía*, que el cre que hai que defender a estabilidade, a tranquilidade e

o debate democrático e plural que existe en España, e que o seu Grupo, como xa dixo, rexeitan a moción presentada polo BNG.

Di o sr Alcalde que cando o sr. Sierra di que quere a república galega o debate xa entra noutra fase, pois a el non lle molesta a república pero que cre nun estado federal, que o sr. Sierra cre que todos pensan como o seu partido e non é así, pois cando chegan as eleccións cada un vota a quen lle peta, e iso hai que aceptalo. Remata dicindo o sr. Alcalde que, como xa dixo, está aberto ao debate, pero a un debate serio, rigoroso e pausado como ten que ser, porque unha forma política do estado non se pode cambiar da noite á mañá, porque iso nunca funcionou en ningún país.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria da moción presentada co resultado de que, por dezaseis votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e un a favor (do concelleiro Sierra Nieves), o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

2. Rogos e preguntas.

Non se realizan.

3. Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 241/14 ata o nº 314/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 8 e 21 de maio de 2014.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o núm. 241/14 ata o núm. 314/14, e das actas da Xunta de Goberno Local de 8 e 21 de maio de 2014.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:10 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

Jesús Tallón García

O alcalde

Alfredo L. García Rodríguez